

BANDO INFORMATIVO

Unha vez publicado o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o ESTADO DE ALARMA para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS- CoV-2, esta Alcaldía desexa informar o seguinte.

Durante o período comprendido entre as 23:00 e as 6:00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización de, entre outras, as seguintes actividades:

- Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- Retorno ao lugar de residencia habitual tras realizar algunhas das actividades previstas neste apartado.
- Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- Reposición en gasolinerías ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

Ademais de esta nova restrición, continúan en vigor as medidas relativas á **limitación de grupos para o desenvolvemento de actividades ou eventos familiares ou sociais a un máximo de 5 persoas**.

Por outra banda, a **Residencia de Maiores de Viana do Bolo**, ven de comunicar que despois do cribado realizado durante a fin de semana, apareceron 12 novos positivos no Centro, ascendendo, polo tanto, no día de hoxe, a un total **13 residentes e 11 traballadores** (algúns deles non residentes en Viana do Bolo). Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde, comunícanos que no Concello de Viana do Bolo temos **22 persoas contaxiadas**, e que por tanto, **pasamos ao Nivel 2 de Alerta**.

Por todo iso, prégase ás veciñas e veciños de Viana do Bolo, que se manteñan as medidas que esixen as autoridades Sanitarias, de hixiene persoal e colectiva, así como, a necesidade de manter a debida separación entre as persoas. Igualmente prégase que se limiten o máximo as reunións familiares e que non se realicen reunións sociais.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 26 de outubro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120



Cod. Validación: 65KQ7EWJRMX5T9PCJF6ZS TK4E | Corrección: https://vianadobolo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1